

CÓDIGO DE ÉTICA PARA **ARQUIVEIROS**

A XIII Asemblea Xeral do Consello Internacional de Arquivos, celebrada en Pekín co gallo do último Congreso Internacional de Arquivos, en setembro de 1996, aprobou o código deontolóxico da profesión

INTRODUCCIÓN

01. Un código deontolóxico dos arquivistas ten como finalidade fornecer á profesión arquivística normas xerais de conduta.

Deberá introducir nesas regras ós novos membros da profesión, lembrar ós arquivistas experimentados as súas responsabilidades profesionais e inspirar a confianza pública na profesión.

02. O termo "arquivista", tal e como é usado neste código, aplícase a todos aqueles que teñen a responsabilidade de controlar, coidar, custodiar, preservar e administra-los arquivos.

03. Anímase ás institucións e ós servizos de arquivos a adoptar políticas e prácticas que permitan a aplicación deste código.

04. Este código destínase a ofrecer un esquema de conduta que guíe ós membros da profesión, e non a proporcionar solucións específicas a problemas particulares

05. Tódolos artigos se acompañan dun comentario; principios e comentarios constitúen conxuntamente o Código de Ética.

06. A aplicación do código depende da boa vontade das institucións arquivísticas e das asociacións profesionais. Pode realizarse a través da formación e do establecemento de mecanismos para suxerir orientación no caso de dúbidas, para investigar condutas pouco éticas, e, se for necesario, aplicar sancións.

CÓDIGO

1. Os arquivistas deben mante-la integridade dos arquivos, garantindo así que poidan continuar a ser evidencias permanentes do pasado.

O principal deber dos arquivistas é mante-la integridade dos documentos que están baixo a súa custodia e responsabilidade. Para cumprir esta obriga, deben ter en consideración os intereses lexítimos, mais ás veces contrapostos, dos seus empregadores, propietarios, persoas mencionadas nos documentos e usuarios, pasados, presentes ou futuros. A obxectividade e

imparcialidade dos arquivistas constitúe a medida da súa profesionalidade. Deben resistir calquera tipo de presións para manipular-la información ou terxiversa-los feitos.

2. Os arquivistas deben valorar, seleccionar e conserva-los arquivos no seu contexto histórico, legal e administrativo, mantendo así o principio de procedencia, e poñendo de manifesto así as relacións orixinais dos documentos entre si.

Os arquivistas deben actuar según principios e prácticas de aceptación xeral. Deben cumprir-los seus deberes e funcións de acordo con principios arquivísticos, no relativo á creación e tratamento dos documentos administrativos nas fases de arquivo de oficina, arquivo central e arquivo intermedio, incluídos os documentos electrónicos e multimedia; á selección e á adquisición dos documentos destinados a se custodiar definitivamente; á salvagarda, preservación e conservación dos arquivos baixo o seu coidado; e á organización, descrición, publicación e servizo deses documentos. Os arquivistas deben avalia-los documentos de maneira imparcial, con base nun coñecemento profundo das esixencias administrativas e das políticas de adquisición da súa entidade. Deberán organizar e describi-los documentos seleccionados para a súa conservación definitiva de acordo cos principios arquivísticos (e nomeadamente o principio de procedencia e o do respecto da orde orixinal), así como as normas recoñecidas, e tan rapidamente como llo permitan os recursos disponibles. Os arquivistas deben adquirir documentos de acordo cos propósitos e recursos das súas institucións. Non deben aceptar ou buscar adquisicións se iso poidese comprometer a integridade ou seguridade dos documentos; pola contra, deben cooperar para que tales documentos sexan conservados no arquivo máis axeitado. Os arquivistas deben colaborar para a devolución ó país de orixe de arquivos públicos incautados en tempos de guerra ou ocupación.

3. Os arquivistas deben asegurar que se manteña a autenticidade dos documentos durante o tratamento arquivístico, a súa conservación e uso

Os arquivistas deben coidar que o valor arquivístico dos documentos, incluídos os electrónicos e multimedia, non sufra menoscabo algún nas fases de tratamento arquivístico de valoración, identificación e descrición, ou durante a súa custodia e uso. Todo mostreo debe realizarse según métodos e criterios coidadosamente establecidos. A substitución de orixinais por outros soportes debe facerse considerando o valor legal, intrínseco e informativo dos documentos. Cando documentos de acceso restrinxido teñan sido extraídos temporalmente do seu expediente, este feito debe ser posto en coñecemento do usuario.

4. Os arquivistas aseguran a accesibilidade e intelixibilidade permanentes dos documentos de arquivo.

Os arquivistas deben selecciona-los documentos que se conservarán ou eliminarán co criterio fundamental de

manter un testemuño esencial das actividades da persoa ou institución que os produciu ou acumulou, mais tendo en conta tamén as cambiantes necesidades da investigación histórica. Os arquivistas deben ser conscientes que adquirindo documentos de orixe dubidosa, por interesantes que sexan, poden alimentar un comercio ilegal. Deben cooperar con outros arquivistas e axentes da lei que intentan capturar e poñer a disposición da Xustiza a persoas sospeitosas de roubar documentos dos arquivos.

5. Os arquivistas deben deixar testemuño das súas accións sobre os documentos, e ser quen de xustificalas.

Os arquivistas deben favorecer o correcto tratamento dos documentos durante todo o seu ciclo vital, e cooperar con quen os xeran para enfrentar retos como os novos soportes e novas prácticas de xestión da información. Non somente se deben preocupar por adquirir fondos documentais xa creados, senón tamén garantir que os sistemas de información e arquivo viventes incorporen desde o principio procedementos axeitados para conserva-los documentos valiosos. Os arquivistas, no seu trato cos funcionarios ou cos propietarios que lles remiten os documentos, procurarán tomar decisións xustas baseadas nunha ponderación coidadosa dos factores seguintes que fagan ó caso: autoridade para transferir, doar ou vender; negociación financeira e beneficios; plans para o tratamento dos documentos; dereitos de reprodución e condicións de acceso. Os arquivistas deben manter un rexistro permanente dos ingresos de documentos, a súa conservación e de calquera tratamento arquivístico que se faga.

6. Os arquivistas deben promover o máis amplo acceso posible ós arquivos e ofrecer un servizo imparcial a tódolos usuarios.

Os arquivistas deben producir os instrumentos de descrición, tanto xerais como particulares, que requiran os documentos baixo a súa custodia. Deben ofrecelos seus consellos imparcialmente a todos, e usa-los recursos dispoñibles para brindar un conxunto equilibrado de servizos. Os arquivistas deben responder amablemente e con espírito de axudar tódalas consultas razoables sobre os fondos baixo a súa custodia, e procura-lo máis estendido uso posible dos mesmos, dentro dos límites impostos polas políticas das institucións das que dependan, a conservación dos fondos, as consideracións legais, os dereitos individuais ou os acordos cos doantes. Deben explica-las restriccións pertinentes ós posibles usuarios, e aplicalas equitativamente. Desaconsellarán as limitacións non razoables para o acceso e uso dos documentos, pero poden suxerir ou aceptar como condicións para a adquisición de documentos restriccións claramente establecidas ou dunha duración limitada. Deben respetar fielmente e aplicar con imparcialidade os acordos tomados no momento da adquisición, mais, na procura dunha liberalización do acceso ós documentos, renegociarán as condicións se as circunstancias cambiasen.

7. Os arquivistas deben respetar tanto o dereito de acceso como o da intimidade, e actuar dentro dos límites da lexislación pertinente.

Os arquivistas deben procurar que a conservación da intimidade e a privacidade das persoas e institucións, así como a seguridade nacional, se realice sin destruír información, especialmente no caso dos documentos electrónicos, onde é práctica común cancelar ou actualiza-la información. Deben respecta-la intimidade dos individuos que crearon ou que son mencionados nos documentos, especialmente aqueles que non foron consultados canto ó uso ou ó destino dos documentos.

8. Os arquivistas deben usa-la especial confianza neles depositada para beneficio de todos, evitando o uso da súa posición de maneira inxusta en beneficio propio ou de terceiros

Os arquivistas absteneranse de actividades que poidan prexudica-la súa integridade, obxectividade e imparcialidade profesional. Non deben obter beneficios persoais, sexan financeiros ou doutra índole, en prexuízo de institucións, usuarios ou colegas. Os arquivistas non deben formar coleccións de documentos orixinais da área da súa competencia, nin participar en ningunha actividade comercial con documentos. Deben absterse de toda actividade que poidese crear ós ollos do público a impresión dun conflito de intereses. Os arquivistas poden utilizar os fondos da institución en que traballan para as súas propias investigacións e publicacións, en tanto estas tarefas as realicen nas mesmas condicións que outras persoas que consulten os mesmos fondos. Non deben revelar ou utilizar información obtida polo tratamento arquivístico de fondos de acceso restrinxido. Non permitirán que os seus intereses privados de investigación e publicación interfiran no desempeño das súas obrigas profesionais ou administrativas. Cando utilicen os fondos das súas institucións, os arquivistas non deben valerse do seu coñecemento dos resultados de publicacións inéditas, sen notificar primeiro ós investigadores a súa intención de usalos. Poden facer reseñas ou comentarios sobre o traballo doutras persoas no seu campo, incluso de traballos baseados sobre documentos da súa propia institución. Os arquivistas non permitirán que persoas alleas á súa profesión interfiran no cumprimento dos seus traballos e obrigas.

9. Os arquivistas procurarán atinxi-lo seu mellor nivel profesional, actualizando sistematicamente os seus coñecementos arquivísticos, e compartindo os resultados das súas investigacións e experiencia.

Os arquivistas deben empeñarse en desenvolver-lo seu coñecemento e experiencia profesionais, para enriquece-lo corpo de coñecementos profesionais, e para asegurar que as persoas a quen supervisan a súa formación ou actividades contén cos elementos suficientes para desenvolver-las súas tarefas dunha forma competente.

10. Os arquivistas promoverán a preservación e uso do patrimonio documental do mundo, establecendo unha cooperación activa con membros da súa profesión e outras afíns.

Os arquivistas procurarán estimular a cooperación e evitarán conflitos cos seus colegas profesionais, resolvendo calquera dificultade fomentando o apego ás normas e á ética arquivísticas. Os arquivistas deben cooperar cos membros doutras profesións afíns sobre a base do respecto e comprensión mutuos.